

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas**, **Eva Solla Fernández**, **Antón Sánchez García**, **Carmen Santos Queiruga**, **Marcos Cal Ogando**, **Ánxeles Cuña Bóveda**, **Davide Rodríguez Estévez**, **Paula Quinteiro Araujo**, **Paula Vázquez Verao**, **Francisco Casal Vidal**, **Magdalena Barahona Martín**, **Juan José Merlo Lorenzo** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, establece unha serie de medidas que se deben adoptar para garantir o pleno coñecemento e posibilidade de uso da lingua galega no seo da nosa sociedade, e insta aos poderes públicos competentes a desenvolvelas.

No eido do **ensino**, o Decreto 79/2010 que regula o uso das linguas oficiais no ámbito educativo sepárase do contido do PXNL, e igualmente da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia, xa que non asegura a escolarización na lingua materna, limita o número de materias que se poden impartir en galego por baixo do 50% e mesmo establece a prohibición de ensinanza na lingua propia de Galicia de disciplinas como as matemáticas. Esta situación implica ademais o incumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, como ten denunciado constantemente o Comité de Ministros do Consello de Europa na súa análise bianual de seguimento. As consecuencias desta prohibición son a perda constante de falantes de galego entre a xente máis nova, por unha causa crecente: o seu descoñecemento, por non

quedaren o suficientemente formados no sistema educativo e a ausencia de espazos habituais onde falalo con normalidade.

Ante esta situación, a resposta só pode ser unha: a derogación do Decreto 79/2010 e a aprobación dunha normativa que desenvolva o PXNLG, no marco da LNL e a CELRM, para o que instamos ao Parlamento para que o novo goberno galego cumpra neste eido cos fins estatutarios previstos no art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Igualmente, O PXNLG establece no eido da Xustiza, igual que a CELRM, a obriga das autoridades competentes de establecer os medios materiais para garantir a igualdade e a oficialidade lingüística do galego na administración de Xustiza, dotando ao seu funcionariado dunha aplicación informática que permita tramitar con normalidade en lingua galega. Arestora, a competencia e titularidade sobre a aplicación corresponde á Consellería de Presidencia.

En efecto, o Ministerio de Xustiza cedeu gratuitamente o programa MINERVA á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión o Ministerio xa advertiu á Xunta que dende ese momento eles serían os responsables da tradución, e que o Estado non podería facer esa xestión; item máis, consultada expresamente Intervención sobre este extremo, non autorizarían ese gasto, ao que tamén se oporía a Avogacía do Estado, dada a previa cesión gratuíta de dereitos sobre o programa. En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo .

Así o indicou de xeito oficial José Luis Hernández Carrión, Subdirector General de novas tecnoloxías de la Justicia do Ministerio de Xustiza, con ocasión

dunha mesa de traballo titulada "*Papel cero: la situación real del proceso de digitalización de los órganos judiciales*" (Madrid, 4 de febreiro de 2016 na Sede do ICA de Madrid, no Comité Permanente de *Xuíces para a democracia*).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta ao novo goberno de Galicia a impartir as instrucións oportunas para **prover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de Xustiza en Galicia.**

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016.